



ADMINISTRACION DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

**XDO. DO SOCIAL N. 3
LUGO**

SENTENZA: 00450/2023

-

ARMANDO DURAN S/N EDIFICIO NUEVO DE LOS JUZGADOS DE LUGO
Tfno: 982889545-46-49
Fax: 982-294788
Correo Electrónico:

Equipo/usuario: MR

NIG: 27028 44 4 2022 0000576
Modelo: N02700

SSS SEGURIDAD SOCIAL 0000136 /2022

Procedimiento origen: /
Sobre: SEGURIDAD SOCIAL

[REDACTED]

DEMANDADO/S D/ña: [REDACTED]

ABOGADO/A: L [REDACTED]

SENTENZA

[REDACTED]

Lugo, 29 de decembro de 2023

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O día 25 de febreiro de 2022 rexistrouse neste Xulgado a demanda formulada por [REDACTED] contra o MUTUA [REDACTED] na que solicitaba o que consta no suplico.

Segundo.- A demanda foi admitida a trámite polo Decreto do 1 de abril de 2023.

Terceiro.- A vista celebrouse o 25 de abril de 2023.

No xuízo, as partes fixeron as alegacións que estimaron oportunas. Tras a proposición, admisión e práctica da proba e formuláronse as conclusións e as actuacións ficaron pendentes de sentenza mediante a dilixencia de ordenación de 27 de setembro de 2023.

FEITOS PROBADOS

Primeiro.- [REDACTED] presta servizos como veterinaria clínica de campo en réxime de autónomos, cunha xornada de 8 horas diarias sen horario específico.

Para desenvolver o seu traballo, a traballadora debe trasladarse ás explotacións gandeiras no seu vehículo. A Sra. [REDACTED] debe recoller mostras biolóxicas dos animais e administrar medicamentos, insecticidas e vacinas.

Segundo.- [REDACTED] solicitou a prestación por risco de embarazo facendo constar a imposibilidade de adaptación do posto de traballo e a existencia de riscos químicos e biolóxicos, así como a posibilidade de sufrir patadas, apretóns ou empurróns polas vacas.

MUTUA [REDACTED] recoñeceu a [REDACTED] a prestación con efectos económicos do 13/05/2021

Terceiro.- O 2/10/2021 [REDACTED] deu a luz ao seu fillo/a, a quen alimenta en exclusiva con lactación materna.

Cuarto.- O 7/01/2022 [REDACTED] solicitou o recoñecemento da prestación de risco durante a lactación materna con efectos do 22 de xaneiro de 2022.

Na solicitude alegaba a exposición aos mesmos riscos que a efectuada co gallo da petición por risco de embarazo.

Quinto.- MUTUA [REDACTED] denegou a solicitude por Resolución do 12 de xaneiro de 2022, formulándose unha reclamación previa que foi rexeitada por resolución do 15 de febreiro de 2022.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Neste procedemento, a parte demandante solicita que se declare o seu dereito a percibir a prestación por risco de lactación natural con efectos do 22 de xaneiro de 2022 e ata que o seu fillo/a teña 9 meses de idade.

Fronte ao anterior, MUTUA ██████████ opúxose á demanda indicando que non se cumprían os requisitos establecidos na lexislación vixente en relación coa prestación solicitada polo que o acordo impugnado era correcto.

Segundo.- Os feitos que se declararon probados dedúcense da documental que figura no expediente xudicial dixital (contidos núm. 2-5, 21, 22, 24 e 34 do Visor-EXE).

Terceiro.- Segundo o art. 188 LXSS a “para os efectos da prestación económica por risco durante a lactación natural, considérase situación protexida o período de suspensión do contrato de traballo nos supostos en que, debendo a muller traballadora cambiar de posto de traballo por outro compatible coa súa situación, nos termos previstos no artigo 26.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, devandito cambio de posto non resulte técnica ou obxectivamente posible, ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas”.

Esta cuestión foi obxecto de desenrolo polo Pola súa parte o Real Decreto 295/2009, do 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural.

No capítulo V do RD 295/2009 régúlase a prestación por risco de lactación e no art. 49.1, parágrafo 1 reitérase que “para os efectos da prestación económica por risco durante a lactación natural, considérase situación protexida aquela en que se atopa a traballadora por conta allea durante o período de suspensión do contrato de traballo nos supostos en que, debendo esta cambiar de posto de traballo por outro compatible coa súa situación, nos termos previstos no artigo 26.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, devandito cambio de posto non resulte técnica ou obxectivamente posible, ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas”.

No que se refire ao procedemento a seguir para o eventual recoñecemento da prestación, o art. 50.1 RD 295/2009 remítese ao capítulo IV (no que se regula a prestación por risco de

embarazo) e, en concreto, o art. 39.4 parágrafo 2º establece que a solicitude que se realice pola persoa solicitante “deberán acompañarse preceptivamente os documentos seguintes:

a) Certificación médica sobre a existencia de risco durante o embarazo, naqueles casos nos que non obre en poder da entidade xestora ou colaboradora.

b) Declaración da empresa sobre a inexistencia de postos de traballo compatibles co estado da traballadora ou, cando estes existan, sobre a imposibilidade, técnica ou obxectiva, de realizar o traslado correspondente, ou que non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. De igual modo, deberase reflectir tamén a data na que a traballadora suspendeu a relación laboral.

A declaración irá acompañada de informe sobre estes particulares emitido polo servizo de prevención propio da empresa, sempre que conte coa especialidade preventiva de vixilancia da saúde, ou pola entidade especializada que desenvolva para a empresa, en base ao correspondente concerto, as funcións de servizo de prevención alleo.

Cando se trate de persoas integradas no Réxime Especial da Seguridade Social dos Empregados de fogar, achegárase declaración do responsable do fogar familiar sobre a inexistencia de posto de traballo compatible co estado da traballadora.

c) Certificado de empresa no que conste a contía da base de cotización da traballadora por contingencias profesionais, correspondente ao mes anterior ao do inicio da suspensión do contrato de traballo e, no seu caso, as cantidades de percepción non periódica abonadas á traballadora durante o ano anterior á data de suspensión do contrato”.

Neste suposto, a parte actora solicitou a prestación en relación á lactación do seu fillo/a e a mutua denegou a solicitude indicando que no caso da lactación non concorren os mesmos riscos que para o caso da prestación por risco de embarazo (que deron). Así no anexo VIII-B do RD 298/2009 non se fai referencia a irsco derivado de axentes biolóxicos e no que se refire ao contido do Anexo VII, a mutua entende que a mera posibilidade de sufrir accidente biolóxico non pode ser admitido como risco para a lactación, sen que tuberculose ou a brucelose aparezan relacionadas como axentes biolóxicos con risco para lactación natural. En definitiva, a mutua indicou que tan só existía certa incomodidade para a lactación pero que en todo caso iso non implicaba a prestación, máxime cando a actora é autónoma e xa que logo, ten posibilidade de autoorganización.

A postura da mutua non se pode considerar correcta. En efecto, tanto na solicitude de prestación de riscos durante o embarazo como na de risco para a lactación (docs. 8 e 9



achegados na vista) a actora fai referencia en ambos casos a que é autónoma, traballa como veterinaria de campo, non hai posibilidade de adaptar o posto e que está sometida a riscos químicos e biolóxicos, así como a posibilidade de sufrir patadas, apretóns ou empurróns polas vacas. A mutua realmente non nega a existencia deste riscos biolóxicos e químicos xa que é un afeito notorio que a actora ten que estar en conta con gando, ao que ten que examinar e subministrarlle medicamentos e produtos insecticidas e que os animais poden ter doenzas variadas, ao mesmo tempo que pode ter que recoller mostras biolóxicas para a súa posterior análise coa finalidade de determinar as patoloxías que podan padecer os animais e poder facerlles fronte.

Neste caso, é de aplicación a STSX de Galiza 290/2022, do 21 de xaneiro de 2022, tamén referida a un caso dunha solicitante veterinaria, na que se indica que procede a prestación de risco durante a lactación dado que unha persoa traballadora que desenrola esta profesión está sometida aos mesmos riscos químicos e biolóxicos polo contacto con animais que no caso do embarazo, sen que, ademais, exista un lugar seguro e practicable para a extracción da leite polas características do traballo (veterinaria de campo).

A demanda ten que acollese.

DECISIÓN

Acollo a demanda formulada por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] contra o MUTUA [REDACTED] polo que declaro o dereito de [REDACTED] á prestación por risco de lactación natural con efectos do 22 de xaneiro de 2022 e ata que o seu fillo/a teña 9 meses de idade.

Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que poden formular un *recurso de suplicación* ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, recurso que, de ser o caso, deberán anunciar ante este mesmo Xulgado mediante unha comparecencia ou por escrito no prazo dos cinco días hábiles seguintes ó da notificación da resolución e depositando as cantidades previstas legalmente na conta do xulgado.

De non se anunciaren o recurso contra a resolución, deberán archivarase as actuacións, logo de dalas de baixa no libro correspondente.

Así o acordo, decido e asino.

██████████████████████maxistrada do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.

A difusión do texto desta resolución a partes non interesadas no proceso no que foi ditada só poderá levar a cabo previa disociación dos datos de carácter persoal que os mesmos contivesen e con pleno respecto ao dereito á intimidade, aos dereitos das persoas que requiran un especial deber de tutelar ou á garantía do anonimato das vítimas ou prexudicados, cando cumpra.

Os datos persoais incluídos nesta resolución non poderán ser cedidos, nin comunicados con fins contrarios ás leis.